

CONCELLO DE CARBALLO
C.I.F.: P1501900C
Praza do Concello S/N
Teléfono 981 70 41 00
www.carballo.gal
infocarballo@carballo.gal
15100 CARBALLO - A Coruña



2021/E001/000012
Exp. 2021/G003/003453

PUBLICACIÓN RESOLUCIÓN TABOLEIRO DE ANUNCIOS DO CONCELLO DE CARBALLO

Ponse en coñecemento dos posibles interesados que a Alcaldía/Presidencia desta Entidade Local, en data 13-12-2021, ditou a resolución con número 3353/2021 que deseguido se transcribe:

RESOLUCIÓN

Aprobación da Listaxe provisional de Admitidos/as e de Excluídos/as do proceso de selección para a provisión, en réxime laboral temporal dunha praza de mestre/a de Atención sociosanitaria a persoas dependentes en Institucións sociais (Rama psicosocial) correspondente ao Obradoiro Dual de Emprego "CARBALLO COIDA".

Primeiro.- Por Resolución da Alcaldía do Concello de Carballo núm. 3129/2021 de 22 de novembro de 2021 aprobáronse as Bases e a convocatoria para a provisión, en réxime laboral temporal dunha praza de mestre/a de Atención sociosanitaria a persoas dependentes en Institucións sociais (Rama psicosocial) correspondente ao Obradoiro Dual de Emprego "CARBALLO COIDA".

O prazo de presentación de solicitudes, de acordo coa base terceira, parágrafo 3.1 é de cinco (5) días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

Segundo.- No BOP núm. 226 de 26/11/21 publicouse o anuncio da convocatoria e apertura do prazo de 5 días hábiles de presentación de instancias (desde o 29/11/2021 ao día 03/12/2021, último día do prazo).

Terceiro.- Con data 02/12/2021 e rexistro de entrada núm. 20210000007338, e con data 03/12/2021 e rexistro de entrada núm. 20210000007387, Dona Angela Criado Fernández e Dona Noelia Vázquez Antelo presentan solicitude de admisión a este proceso selectivo. Posteriormente, con data 09/12/2021 e rexistros de entrada núm. 20210000007445 e núm. 20210000007478, as Sras. Criado Fernández e Vázquez Antelo presentan escrito de desestimento neste proceso selectivo.

Consideracións xurídicas.

Primeira.- De acordo coa base cuarta unha vez rematado o prazo de presentación de instancias, o Alcalde ditará resolución declarando aprobada a listaxe provisional de admitidos/as e excluídos/as, con indicación, se é o caso, das causas de exclusión.

Segunda.- Regulación do desestimento.

O artigo 94 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas establece o seguinte:

"Artículo 94. Desistimiento y renuncia por los interesados.

1. Todo interesado podrá desistir de su solicitud o, cuando ello no esté prohibido por el ordenamiento jurídico, renunciar a sus derechos.

.....

4. La Administración aceptará de plano el desistimiento o la renuncia, y declarará concluso el procedimiento salvo que, habiéndose personado en el mismo terceros interesados, instasen éstos su continuación en el plazo de diez días desde que fueron notificados del desistimiento o renuncia".

Rematado o prazo regulamentario para a presentación de solicitudes, de conformidade co establecido na Base 4ª da convocatoria (*Admisión de aspirantes. Data e lugar de celebración da valoración de méritos e da fase de oposición*), en uso das competencias legalmente atribuídas, pola presente **RESOLVO**:

Primeiro.- Aceptar o desestimento solicitado con data 02/12/2021 e rexistro de entrada núm. 202100000007338, e con data 03/12/2021 e rexistro de entrada núm. 202100000007387, de Dona Angela Criado Fernández e Dona Noelia Vázquez Antelo.

Segundo.- Aprobar a Listaxe provisional de aspirantes admitidos/as (Anexo I) e excluídos (Anexo II) no proceso selectivo para a provisión, en réxime laboral temporal dunha praza de mestre/a de Atención sociosanitaria a persoas dependentes en Institucións sociais (Rama psicossocial) correspondente ao Obradoiro Dual de Emprego "CARBALLO COIDA".

Terceira.- Publicar esta resolución no Taboleiro de Anuncios do Concello. De acordo co establecido na base 4, parágrafo primeiro, das bases reguladoras da convocatoria, concédese un **prazo improrrogable de 3 días hábiles** seguintes á publicación de dita resolución no Taboleiro de Anuncios do Concello, para presentar as reclamacións oportunas ou emenda de defectos. De non efectuar a subsanación no prazo requirido serán excluídos definitivamente do proceso selectivo.

Concluído este prazo e subsanadas as reclamacións presentadas, publicarase a relación definitiva de aspirantes, composición da Comisión de Avaliación e lugar, data e hora de valoración da fase de concurso e da celebración da fase de oposición.

FIRMADO POR José Villán Fuertes (FECHA: 13/12/2021 12:29:00)
Version imprimible

CVD: ZWBzflnGJuzUwfQPP7h6
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

ANEXO I: Listaxe provisional de Admitidos/as do proceso de selección para a provisión, en réxime laboral temporal dunha praza de mestre/a de Atención sociosanitaria a persoas dependentes en Institucións sociais (Rama psicossocial) correspondente ao Obradoiro Dual de Emprego "CARBALLO COIDA".

Nº	APELIDOS	NOME	DNI	NUM. REXISTRO	Data rexistro
1	PASTORIZA SUAREZ	OLALLA	***6750**	202199900005570	29/11/2021
				202199900005571	29/11/2021
2	PERISCAL TAIBO	LARA	***4452**	202199900005648	02/12/2021
3	PIÑA VILLAR	ANGELA	***3100**	202100000007324	02/12/2021
				202100000007363	03/12/2021
4	REY IGLESIAS	ALEXANDRA	***3921**	202100000007475	09/12/2021
5	SUAREZ RELLAN	EVA MARIA	***0914**	202100000007411	01/12/2021
				202190000007480	03/12/2021

ANEXO II: Listaxe provisional de excluídos/as do proceso de selección para a provisión, en réxime laboral temporal dunha praza de mestre/a de Atención sociosanitaria a persoas dependentes en Institucións sociais (Rama psicossocial) correspondente ao Obradoiro Dual de Emprego "CARBALLO COIDA".

Nº	APELIDOS	NOME	DNI	NUM. REXISTRO	CAUSA EXCLUSION
1	FERNANDEZ VIQUEIRA	LAURA	***3645**	202100000007377	1

Causas de exclusión:

1. Non cumprir co requisito de experiencia profesional mínima de 12 meses (Base 2.4 das Bases reguladoras do proceso selectivo, Resolución Alcaldía 3129/2021).

Asinado dixitalmente na data que figura ao marxe.

Alcalde

Evencio Ferrero Rodríguez

Secretario

José Villán Fuertes

Esta publicación serve como notificación aos posibles interesados, en cumprimento do establecido no artigo 40 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das

CONCELLO DE CARBALLO
C.I.F.: P1501900C
Praza do Concello S/N
Teléfono 981 70 41 00
www.carballo.gal
infocarballo@carballo.gal
15100 CARBALLO - A Coruña



2021/E001/000012
Exp. 2021/G003/003453

administracións públicas e de conformidade co establecido no artigo 194 do RD 2568/86, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

Documento asinado dixitalmente na data que figura ao marxe.
Secretario
José Villán Fuertes

FIRMADO POR José Villán Fuertes (FECHA: 13/12/2021 12:29:00)
Versión imprimible

CVD: ZWB2flnGjUzUwfQPP7h6
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.